

B A N D O

Co falecemento do presidente da Autoridade Nacional Palestina, Yasir Arafat, desaparece unha das figuras máis carismáticas e controvertidas da historia contemporánea. Unha figura que encarna e simboliza como ningunha o doloroso conflito que enfronta desde hai décadas a dous pobos que a pesar das súas raíces comúns semitas manteñen unha desigual e cruenta loita, fonte de sufrimento e causa de desestabilización no Oriente Medio. Un falecemento que se produce nun contexto de especial crispación, xa que Arafat foi sometido nos últimos anos a un asedio en Ramala de imposible xustificación.

Yasir Arafat foi recoñecido co Premio Nobel da Paz, compartido co Primeiro Ministro e o Ministro de Exteriores israelitas, Isaac Rabín e Simon Peres, respectivamente, nuns momentos históricos nos que a esperanza dunha convivencia pacífica se albiscara próxima. Arafat foi tamén distinguido co Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional e, cunha traxectoria tan densa e complexa, de luces e sombras, de acertos e erros, resulta innegable que representou as lexítimas aspiracións do pobo palestino. Aspiracións, recoñecidas e reclamadas pola ONU, a ter un estado propio, á independencia e á soberanía nacional e ao retorno da poboación refuxiada.

Compostela manifesta o seu pesar polo falecemento de quen simbolizaba as aspiracións do pobo palestino e expresa os seus desexos de que se retome o camiño da concordia, camiño que nunca debeu ser abandonado e que discorre necesariamente polo mutuo recoñecemento de dous pobos que acumulan un grao de sufrimento fóra de toda racionalidade. E neste camiño é necesaria unha actitude aínda máis activa da Unión Europea no seu compromiso de contribuír á coexistencia pacífica e democrática de ambos pobos.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2004

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

